

**Coro de cámara e grupo instrumental. 8 de decembro, 2012. 20.30 h.  
Culleredo. Auditorio Conservatorio Profesional de Música.**

Grupo Instrumental da Orquestra e Coro Gaos, Coro Infantil.  
**María José Ladra**, mezzosoprano. **Alba López Trillo**, soprano.  
Dir.: **Fernando Briones**.  
Piano: **Gabriel López Rodríguez**

**Gabriel Bussi**

Luz Pozo Garza

**\*Tres poemas**

(soprano e orquestra de cámara)

**Paulino Pereiro**

Luisa Villalta

**\*A nostalxia perdida no imenso espacio** op. 42

(mezzo, 2 frautas, viola e contrabaixo)

**Manuel Alejandre**

**Comería a túa alma**

Estíbaliz Espinosa (saxo alto, xilófono, dous tambores, contralto, violín, viola e contrabaixo)

**Manuel Alejandre**

María do Cebreiro

**Cociño a todas horas**

(idem)

**Julio Montero**

(Letra e música)

**\*Marinana**

(soprano e piano)

**Margarita Viso**

Manuel María

**Os soños na gaiola**

(vozes brancas: sopranos 1º e 2º, piano)

**Margarita Viso**

El-Rei D. Dinís

**\*Levantouse a velida**

(coro mixto)

**Javier Comesaña**

Xosé María Lema

**Cen anos hai**

(sopranos, contraltos, tenores, baixos)

\*Estreno

## Textos das cancións

### **TRES CANCÍONAS PARA ROSALÍA**

*Luz Pozo Garza*

#### **I. HAI UNHA VOZ**

Hai unha voz  
no tempo de Galicia  
Hai unha voz sen verbas  
que todos escoitamos no silencio  
Lembrando nomes pra que naza o  
millo

Chámase morte ou mágoa  
Xuramento de anguria  
Soidade  
Pensamento de pedra  
Chámase berro e fonte  
e desarrimo

Chámase olvido  
E chámase arelanza  
Ou vida ou liberdade ou compaña dos  
nosos  
Chámase soño ou morte

lar

saudade  
Chámase choiva que lourea os froitos

Hai unha voz  
Chámase Rosalía  
Sete letras de laio  
Saudade  
dunha fala ferida

Esperanza dun mundo  
que inda fica nun berro  
de liberdade  
Hai unha voz  
A súa  
Benzoada

#### **II. CANTIGA FUNERAL DE PADRÓN**

Campanas de Bastabales  
tocade por Rosalía  
Tocade

Xa non chove miudiño  
Xa non choven orballadas  
Choven negras soidades  
Chorade por Rosalía  
Chorade

Que vai de dolor ferida

por un agoiro de mágoas  
Sen arrimo. Sen adaxe  
Soade

Xa non madurece o millo  
pola beira de Lestrove  
Hai feridas sen idade  
Chorade

Que vai unha sombra negra  
pola banda de Laíño  
chamando por Rosalía  
Tocade

Velaivai a negra sombra  
no cemiterio de Adina  
asombrando a Rosalía  
Pregade

#### **III. BENZOADA**

Benzoados os tempos  
do infortunio  
que fixeron posible esa voz silandeira  
Rosalía

Benzoadas  
todas as nordesías  
que asulagan  
teus salaios de acivro

Benzoada sexa  
a túa orfandade  
que nos fire a todos  
entrañablemente

Benzoada a fontela de anceios de  
morte  
que asulagou  
o teu vivir  
a carón da meirande das mágoas

Benzoados os espacios e os tempos  
as dúas coordenadas  
que te crucificaron  
con cravos de ferro ou de amor  
Rosalía  
Benzoada sexas pola túa voz

#### **A NOSTALXIA PERDIDA NO INMENSO ESPACIO**

*Luís Villalta*

I

Ás veces, mais forte é do que eu  
a carga do humano,  
por iso amanezo ao borde da pedra,

acarón dunha idea  
que orixina un siléncio.

Mais forte, ás veces, a ira do cotidiano  
que perfura co aceiro máis lumínico  
sen dor apenas, sen rastro,  
só como escuro xesto,  
só como sombra.

Moitas mais veces, mais grande,  
a nostálxia  
perdida no imenso espazo.

## II

Edificios antigos, pedra calada,  
cristais irisados de ollar esquecido,  
presencia severa de ritos profundos.

Nostáxias labradas en sólido tempo,  
presente contínuo dunha arte curada,  
pasado inquietante dun hoxe caduco.

Santuários de ecos que seguen soando,  
de ritmos medidos en vidas lonxícuas,  
de paz confortada no próprio equilibrio.

Reflexo de mares e sois distintos,  
paciente quietude da mesma verdade,  
perene tesón contra toda mudanza.

Armónica vida dormida na pedra,  
xanelas fechadas, beleza cautiva,  
serena expresión do siléncio da arte.

## III

En soneto de sons que soan sendo  
a melodía do que eu son na esencia  
inconsciente de ser, unha presencia  
sen mais sentido que soar sabendo,  
a monodia do viver entendo  
fluindo como o son, en  
transcendencia,  
improvisado ritual, ausencia  
no eco que a memoria vai perdendo.

Número e canto, necesaria via  
por que ascendo as escadas que  
separan  
a razón da intuición que o ritmo cria  
e transgrede a palabra, se  
soasen  
outras voces que o sentido ouviria  
cando os sons da sua música calasen.

## IV

A paz de ser en si

procura esta atmósfera de dor  
que nós nutrimos, intervalo tenso,  
distancia amarga, esforzada  
e refinada na contínua espera,  
no mútuo e incandescente alento.

De ser pulso intermitente,  
a vida estaciona a realidade:  
sensualiza a dor do ser  
que non é ainda, e que, non sendo,  
se triunfa en pensamento  
posuindo a sua oquedad.

## 1. COMERÍA A TÚA ALMA

*Estibaliz Espinosa*

Comería a túa alma coma quen come  
un ovo doce novo  
perfecto microcosmos no seu óvalo de nacre.

Pinga d'ouro mandorla comería a túa alma  
sen casca a túa alma  
sen culeres sen caducidade.  
Eterno almorzo da nenez de aldea.  
Sen saber e sen querer saber  
as nigromancias da tersura qué escur  
o demo agocha nin milagreiro sabor  
sen chegar a adiviñar sequera qué foi  
antes: a túa alma ou a galiña.

## 2. COCIÑO A TODAS HORAS

*Maria do Cebreiro*

Cociño a todas horas para precipitar o  
s alimentos crus  
nos abismos da pota. As galletas mari  
a  
(sutilmente esmagadas)  
engordan (disque) a salsa de tomate.  
Non dispoño de método pero exhumei  
un libro de receitas  
que parece un compendio do universo  
.

Da natureza dixo galileo  
que era un grande tecido (calceta, ma  
cramé)  
e o papel de cebola serve para calcar  
os versos que  
nos gustan.  
Sempre a cebola tarda (tremede, lacri  
mais) en deshacerse,  
por iso é o primeiro que se bota.  
Nos queimadores, en cuestión de segu  
ndos,  
o lume ocupa o lugar da indiferencia.

**MARINANA**

¿Marina durme?  
un Elfo pregunta e un Trasno lle dice  
que...  
e un Silfo contesta que...  
e Ondina lles conta que...  
"Marina durme MariNana na MariNana  
na.  
¿Dónde está?  
¿Dónde irá?  
Eu vou volo contar  
a veira do Yana  
Marina durmindo está  
e os Trasgos cantan esta  
MariNana

## OS SOÑOS NA GAIOLA

*Manuel María*

### 1. CARACOL

Caracol, col, col;  
caracol, caracoleiro:  
¡pon os teus cornos ó sol  
xa que es tan frioleiro!

Ó lombo léva-la casa,  
caracol, caracoleiro;  
¡e deixas cintas de seda  
engalanando o carreiro!

Caracol, col, col;  
caracol, caracoleiro:  
¡pon os teus cornos ó sol  
ó sol os teus cornos pon!

### 2. A LÚA

A señora Lúa  
inda está solteira  
¡A señora Lúa,  
a Lúa lueira!

A Lúa lueira,  
a señora Lúa;  
¡ten gana de troula  
e quere ir de rúa!

E quere ir de rúa,  
de troula ir quería,  
que sente morriña  
e melancolía!

A señora Lúa,  
a Lúa rueira,  
como anda de noite,  
sempre está tristeira.

Sempre con tristura  
e melancolía

que anda pola noite  
e dorme de día.

A señora Lúa  
A lúa tristeira:  
¡se non dá co Sol  
quedará solteira!

### 3. O LOBO

Vén o señor Lobo  
-¡que medo, neníño!-  
polo monte abajo  
¡e asusta o camiño!

Trae lume nos ollos;  
nos dentes coitelos  
tan ben afiados  
¡que dá medo velos!

¡Que dá medo velos;  
arrepío ollalos...!  
¡Vén o señor Lobo  
con instintos malos!

Anda pasenijo  
con pasos calados.  
Años e ovellas:  
¿estarán gardados?

Vén o señor Lobo  
con paso seguro:  
¡a luz dos seus ollos  
fura no escuro!

Escoitase lonxe,  
perdido entre matos,  
no fondo do monte,  
oular de lobatos.

Chega o señor Lobo.  
A súa ollada fría;  
¡pon os pelos dereitos,  
o sangue arrepia...!

O sangue arrepia,  
o corazón xea:  
¡está o señor Lobo  
venteando a aldea!

### 4. O ARCO DA VELLA

O arco da vella  
no ceo subido  
co seu colorín,  
co seu colorido.

O arco da vella  
con sete colores

que teñen, no ceo,  
beleza de flores.

O arco da vella  
no ceo chantado  
co seu colorín,  
co seu colorado.

O arco da vella  
é un arco triunfal  
con sete guerreiros  
que a ninguén fan mal.

O arco da vella  
de luz feito é.  
¡Resulta un milagro  
que siga de pé!

## 5. SEÑOR GATO

Señor gato:  
atención;  
no rincón  
hai un burato;  
no burato  
está o rato  
caladiño,  
acochadiño,  
sen falar  
nen respirar.

-Señor Gato.  
pon sentido,  
que metido  
no burato  
está o rato.

-Señor Gato:  
está o rato  
no burato  
do rincón:  
¡ten nun puño  
o corazón!

-Non dubido,  
Señor Gato  
bigotudo  
que está o rato  
no burato.  
Ten as unllas  
Afiadas,  
cravuñadas,  
preparadas:  
bule axiña  
que senón  
Senor gato  
bigotón,  
¡do burato

foxo o rato!

## 6. ANDURIÑAS

Guiada da man dun soño  
a Primavera chegou.  
¡E tódalas anduriñas  
no ceo azul convocou!

Todo é voar e voar  
e andar daquí pra alá  
¡Todo nun ir en un vir  
dende aquí deica acolá!

¡Voan para riba, para baixo!  
¡Van ó alto, van ó fondo!  
¡Voan en liña seguida,  
en picado e en redondo!

Anduriñas en concello,  
sobre dun poste pousadas.  
¡Que de palabras secretas  
e razós apaixoadas...!

## LEVANTOUS-S'A VELIDA

*El-rei D. Denis*  
Levantou-s'a velida,  
levantou-s'a alva  
e vai lavar camisas  
eno alto:  
vai-las lavar alva.

Levantou-s'a louçana,  
levantou-s'a alva  
e vai lavar delgadas  
eno alto:  
vai-las lavar alva.

E vai lavar camisas,  
levantou-s'a alva;  
e ovento llas desvía  
eno alto:  
vai-las lavar alva.

E vai lavar delgadas,  
levantou-s'a alva;  
e ovento llas levava  
eno alto.:  
Vai-las lavar alva.

## CEN ANOS HAI

*Xosé María Lema*  
Baía da Habana,  
na beira do mar,  
ó ritmo das ondas  
un galego soña  
coa patria natal.

Cen anos hai, cen anos xa.  
"Tés, Patria, Bandeira  
azul e albar,  
Academia da fala,  
gardiá da palabra  
¡só falta un cantar"  
"Un áulico canto,  
At'ruxo do clan,  
baril, rexo alento  
xurdido do peito  
da grei de Breogán".  
Grandiosa estrea,  
vinte de Nadal;  
buligan as meigas,  
coa música de Veiga  
e a oda de Pondal  
Na capital cubana,  
Teatro Nacional,  
resoan as notas,  
nosa Galicia conta  
cun himno inmortal  
No Malecón da Habana,  
na beira doutro mar,  
quedaban as ondas  
e musitando a oda:  
cara a Galicia van.

## **MARÍA JOSÉ LADRA, Mezzosoprano.**

Premio Extraordinario Fin de Carrera no Conservatorio Superior da Coruña, onde realizou os seus estudos baixo a dirección de Antón de Santiago, sempre cas máximas calificacións. María José Ladra é una mezzosoprano lírica con coloratura, na liña das grandes mezzos españolas, gracias á fermosa cor da súa voz e ao gran dominio técnico, que lle permiten interpretacións de gran relieve, tanto no repertorio belcantista, como nos grandes personaxes de zarzuela.

Interpretou papeles principais tanto de óperas como de zarzuelas, entre as que destacan “Dido y Eneas” de Purcell (Dido) “La del manojo de rosas” de Pablo Sorozábal (Ascensión), “El barberillo de Lavapiés” de Barbieri (la Paloma), ou “Gran Vía” de Chueca e Valverde (Menegilda e Elíseo), etc.

A súa formación se víu enriquecida ca asistencia a importantes cursos de interpretación, entre os que destacan a Bach Academie (baixo la dirección de Helmut Riling, con María Venutti e Andreas Schmidt), Música en Compostela (nas súas seccións de “teatro lírico español” con Maximino Zumalave e “canción española e zarzuela” con Marimí de Pozo), Miguel Zanetti, Helena Lazarska, Ana Luisa Chova, María Bayo, Teresa Berganza, etc. Como postgrada recibiu clases da citada Marimí del Pozo e de Inés Rivadeneira.

Recibiu diversos premios cuando ainda era estudiante, en varios concursos convocados pola Xunta de Galicia.

Na actualidade é Profesora de Canto do Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.

## **ALBA LÓPEZ TRILLO, Soprano**

Nace en A Coruña e comeza os seus estudos de canto aos dezaseis anos no Conservatorio Municipal de Música de Culleredo. Compaxina os seus estudos de Maxisterio Musical cos de canto diplomándose no ano 2006 na Universidad de Santiago de Compostela e obtendo o título superior de canto no Conservatorio Superior de Música de A Coruña en 2011 co barítono Antón de Santiago.

Miembro del coro da OSG desde 1999 e do coro Gaos desde a suá creación en 2010 ten participado como coralista en diferentes obras sinfónicas e óperas do Festival Mozart e do Festival de Ópera de A Coruña. Tamén ten realizado concertos co Europa Chor Akademie por Alemania, Luxemburgo e Suiza.

Como solista ten participado no ‘Certamen de Jóvenes intérpretes’ da Asociación Galega da Lírica Teresa Berganza nos anos 2005 e 2006 e nas Zarzuelas *El barberillo de Lavapiés* e *La Gran Vía* ca compañía Lírica ‘Ofelia Nieto’ e na xira de conciertos ‘Mozart en Xira’ co coro da OSG. Ademáis, desde 2009 colabora ca Asociación Galega de Compositores estrenando diversas obras. No ano 2010 ofrece una xira de concertos dentro do ‘Festival Xacobeo Classics’ por distintos puntos de Galicia e participa na Gala de inauguración da ‘Asociación de Amigos de la Lírica de Ferrol’ no Teatro Jofre.

No festival de Ópera de A Coruña 2011 realiza o Recital do ciclo “As Novas voces Galegas” e en decembro do mesmo ano trasladase a China ca Orquesta ‘Ciudad de Palencia’ onde realiza una xira de repertorio español por distintas cidades do país asiático. En abril de 2012 canta como solista na Zarzuela “Cádiz” e na *Fantasia coral* de Beethoven ca ‘Orquesta Sinfónica de Galicia’ dirixida por Victor Pablo Pérez.

Ten realizado cursos de canto con Helena Lazarska, Ana Luisa Chova, Martin Wölfel ou Liubov Sharnina e recibido clases de Carmen Subrido e Manuela Soto. En decembro de 2008 gaña o primeiro premio do ‘Certamen de Jóvenes intérpretes del Circo de Artesanos’. En xaneiro de 2010 conseguiu una mención nos Premios ‘David Russell’ celebrados en Vigo e durante o curso 2011 ten estado estudiando cunha beca ‘Erasmus’ no Conservatorio ‘Giovanni Battista Martini’ de Bolonia ca profesora Marina Gentile.

## **GABRIEL LÓPEZ RODRÍGUEZ, piano**

Nace en Fene en 1980, iniciando os seus estudos de piano no Conservatorio Profesional de Ferrol baixo a dirección de Ricardo Blanco. Conclúe os estudos superiores no Conservatorio Superior da Coruña sendo alumno de Natalia Lamas.

Durante o seu período formativo ten acadado as máximas cualificacións e galardóns (Matrícula de Honra nos cursos 7º, 9º e 10º e Premio Extraordinario dos graos elemental, medio e superior).

Ten participado en certames de relevancia, como o Concurso Internacional “Infanta Cristina” en 1996. En 1999 obtén o primeiro premio do concurso “Real Club Náutico de Vigo” e o segundo premio no II “Certame Galego de Xoves Concertistas” (1999) convocado pola Xunta de Galicia, que supuxo ademáis a gravación dun Cd.

Realiza numerosos cursos de técnica e interpretación pianística, destacando os impartidos por Natalia Lamas, Guillermo González, Doménico Codispoti, Luiz de Moura, Josep Colom e Ricardo Descalzo.

As súas actividades como concertista iníçianse coa súa participación, dende 1992 a 1998, en tódolos actos organizados polo Conservatorio de Vigo. Intervén, así mesmo, no Ciclo de Concertos da Fundación Caiza Galicia, así como no Ciclo de Xoves Intérpretes da Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Entre os seus concertos contánse os ofrecidos en Madrid: Casino Cultural e Casa de Galicia, e Filarmónica da Coruña.

Ten gravado varios CDs acompañando a novos valores galegos da interpretación, e, así mesmo, ten estrenado obras de diversos compositores galegos.

Na actualidade é profesor titular de piano no Conservatorio Profesional da Coruña e Secretario do mesmo.

### **FERNANDO L. BRIONES, director.**

Comenza os seus estudos musicais no Conservatorio Superior de Música de A Coruña con Rodolfo García Alonso, onde obtén el Título Superior de Guitarra. Estudia piano con Anna Poghosyan e Uta Weyand, e realiza varios cursos de repertorio operístico con Miguel Zanetti e Alejo Amoedo.

Asiste a numerosos cursos de dirección con Maite Oca, Juan Luis Martínez, Josep Ramón Gil-Tárrega, Lluís Vila i Casañas, Elisenda Carrasco, Joan Company, David Beaven, Javi Bustó, Johan Djuick, Laslo Heltay y Martin Schmidt. Estudia dirección de orquesta con Salvador Mas Conde e Jörg Bierhance no Konservatorium Wien University, con Antonio Moya e Alain Sancho no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid e co Mestro Miguel A. Gómez Martínez conquen además traballou como asistente.

É Subdirector dos “Niños Cantores de la Orquesta Sinfónica de Galicia” (OSG) desde el 2000 hasta 2006. En febreiro de 2005 pone ao frente do Coro Xoven da OSG, co que consigue o 2º Premio no Concurso “Fira de Tots Sants” de Cocentaina na súa XXVII edición (2007), o Premio do Público e Segundo Premio no Concurso Nacional de Corales Antonio José, en Burgos, en outubro de 2008.

Nese mesmo ano, dirixe a Missa Brevis nº 7 en si bemol maior de J. Haydn na celebración do X Aniversario dos coros da OSG.

En abril de 2009 crea a Orquesta Gaos, que tivo a súa presentación no Teatro Colón Caixa Galicia o 14 de xullo de 2009. En pouco tempo a Orquesta Gaos ten gañado un espacio merecido no circuito musical e actualmente xa prepara a súa terceira temporada.

Actualmente continúa a súa formación na Accademia Musicale Pescarese co Maestro Donato Renzetti e compaxina a súa actividade ca dirección da Orquesta Sinfónica do Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.